

Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 71 que as Administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional así como obxectivos establecidos con carácter xeral na citada Lei.

No desenvolvemento do curso 2020-2021 aplicáronse unha serie de medidas organizativas e de funcionamento dos centros educativos que permitiron, con carácter xeral, que na Comunidade Autónoma de Galicia se mantivera a actividade educativa presencial.

O protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia contempla que a suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no protocolo relativas ao ensino a distancia.

Entre outras, establece medidas de carácter organizativo, como a elaboración dun “Plan de Continxencia” que será aprobado pola dirección do centro, de conformidade coas previsións do modelo que figura no seu Anexo III.

A entrada en vigor destes aspectos, aconsellan ditar instrucións sobre as medidas organizativas e de funcionamento que permitan garantir o dereito á educación do alumnado no contexto da evolución da pandemia.

De conformidade co exposto, como secretario xeral de Educación e Formación Profesional

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Estas instrucións teñen por obxecto establecer as medidas organizativas e de funcionamento que se poidan adoptar por parte dos centros docentes como consecuencia da evolución da pandemia para garantir o dereito á educación do alumnado.



2. Serán de aplicación aos centros públicos de ensino non universitario e, adaptado ás súas peculiaridades, aos centros privados concertados que imparten ensinanzas non universitarias.

Segundo. *Vixencia*

As medidas incluídas nesta resolución permanecerán vixentes ata a finalización do curso académico no que se determine o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

Terceiro. *Plan de continxencia*

Os centros adaptarán, e de ser o caso elaborarán, o seu Plan de continxencia tendo en conta o Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia vixente, en relación coas medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

Os referentes para a adaptación serán os seguintes:

- O modelo de documento "Plan de continxencia do centro educativo" do Protocolo.
- Anexo I da Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.

Cuarto. *Horario para os supostos de ensino a distancia*

1. Con carácter xeral, o horario para os supostos de ensino a distancia será o mesmo que o elaborado para desenvolver en réxime de presencialidade ou semipresencialidade; non obstante tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o



profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos, poderá reducirse a duración de cada sesión lectiva ata un máximo do 40%.

Estes horarios serán incorporados no Plan de continxencia do centro educativo.

2. O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo e o alumnado do grupo deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado ao Plan de Continxencia do centro.

3. No Plan de continxencia deberán establecerse o proceso e o momento de conexión, que debe ser coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo establecido no referido cadro horario.

4. O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.

5. O/a titor/a informará aos pais nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

6. O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado.

7. A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.



8. A dirección do centro adaptará, de ser o caso, as Normas de Organización e Funcionamento.

Quinto. *Atención virtual ao alumnado vulnerable*

1. O alumnado vulnerable, ou que conviva con familiares vulnerables, que non acode ao centro docente como consecuencia da emerxencia sanitaria pola COVID-19, e se determine como xustificada a súa ausencia, recibirá atención educativa virtual segundo se establece no apartado 4 do artigo 62 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O alumnado en situación de especial vulnerabilidade na modalidade de ensino virtual, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar recibirá atención educativa virtual segundo o establecido na Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a atención á diversidade e se establece un Plan específico de actuación.

Sexto. *Formación e información para o ensino a distancia*

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia, compre que o profesorado e o alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian a empregar, e así mesmo que aos pais/nais ou representantes legais teñan toda a información para que podan apoiar ao alumnado no proceso. Para tal efecto:

- A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que todo o profesorado poida utilizar con efectividade os medios



telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias ou representantes legais, así como o uso efectivo da aula virtual; para elo empregará os recursos formativos que posúe no centro ou solicitará o apoio das persoas asesoras Abalar ou da Rede de Formación do Profesorado.

- O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática, así como a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia tal e como se establece no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

- O/a titor/a de cada grupo de alumnado proporcionarlle información aos pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. A información aos pais/nais ou representantes legais realizarase polo procedemento que se estime máis efectivo e preferentemente de xeito telemático.

A información sobre os distintos servizos educativos dixitais está dispoñible no seguinte enderezo www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais.

Sétimo. Saídas do recinto escolar

1. No exercicio das súas atribucións, tal e como se establece no artigo 44 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, o consello escolar regulará o procedemento de autorización para as saídas voluntarias entre clases ou en períodos de lecer do alumnado.

2. Esta autorización estará limitada ao alumnado que curse ensinanzas non obrigatorias, bacharelato, ciclos medios ou superiores de formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

3. A dirección do centro comunicará á Xefatura Territorial o procedemento regulado polo consello escolar do centro.

4. O centro recadará as correspondentes autorizacións de proxenitores ou titores legais do alumnado menor de idade non emancipado.



5. As condutas contrarias á convivencia que se poidan producir no tempo que o alumnado pase fóra do centro rexeranse polo establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Disposición adicional. *Inspección educativa*

A Inspección educativa velará polo cumprimento das medidas recollidas nas presentes instrucións e prestará apoio e asesoramento aos centros educativos na súa implementación e en todo aquilo que, dentro das súas funcións, facilite a mellora da atención educativa do alumnado.

A presente resolución terá efectos desde o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2021

Jose Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

